


CADERNO DE ORIENTACIÓN PARA O ALUMNADO QUE QUERE REALIZAR

# PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DOS TÍTULOS DE F.P.



CIFP Centros Integrados Formación Profesional

ESCOLA DE IMAXE E SON

# 2026

## PROBAS CONVOCADAS PARA OS CICLOS DE

ILUMINACIÓN, CAPTACIÓN E TRATAMENTO DE IMAXE
PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS
REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS
SON PARA AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS
ANIMACIÓN 3D, XOGOS E CONTORNOS INTERACTIVOS

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

+info: www.cifp.eis.gal

FONDO SOCIAL EUROPEO

## PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO E TÉCNICO SUPERIOR 2026

***Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.(DOG 16 abril)***

***- Resolución do 1 de xullo de 2025 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26 (DOG 10-07-2025).***

**INFO XERAL: https://www.edu.xunta.gal/fp/probas-libres-obtencion-titulos-fp-loe-loxse-2025-2026**

## REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- **CUMPRIR ALGUNHA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO A CICLOS** e ademais:

– Ter vinte anos, para os títulos de técnico superior, ou dezanove anos no caso de posuír xa o título de técnico.

Con carácter xeral, non estar matriculado/a en ciclos formativos de formación profesional nin ter causado baixa no correspondente curso académico.

Excepcionalmente, no caso de houber vacantes logo de resolto o proceso de admisión, **poderán matricularse nas probas libres as persoas matriculadas pola oferta modular en módulos profesionais do mesmo ciclo formativo:**
**– Sempre que os teñan suspensos de cursos académicos anteriores e non se atopen matriculadas neles no curso académico de realización da proba.**
**– Sempre que sexan módulos nos que non estean matriculadas no curso académico de realización da proba e que non sexan os módulos profesionais de FCT nin de Proxecto.**

Tamén poderán matricularse de xeito excepcional, no caso de houber vacantes logo de resolto o proceso de admisión, ás persoas que superasen o módulo de Formación en centros de traballo, e no caso dos

ciclos de grao superior tamén o módulo de Proxecto, nos períodos extraordinarios establecidos no artigo 6.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007, de setembro-decembro e de xaneiro-marzo, do mesmo curso escolar en que teña lugar a convocatoria de probas libres.

Coa finalidade de facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión de persoas e de grupos desfavorecidos no mercado de traballo, **se houbera vacantes logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder á realización das probas dos módulos profesionais asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais as persoas adultas** que, sen cumpriren as condicións de acceso, teñan acreditada:

– Experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo correspondente.

Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no período da inscrición.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Calendario do proceso de admisión das probas libres de títulos LOE/LOXSE de FP**
**Convocatoria: curso 2025-2026**

Calendario de admisión para as probas libres segundo o establecido na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

| Período ordinario de admisión | |
|---|---|
| Presentación de solicitudes | **16 de abril** ás 9:00 horas ata o **30 de abril** ás 13:00 horas |
| Resolución provisional de solicitudes | **6 de maio** |
| Reclamación contra a resolución provisional | **6 de maio** ás 9:00 horas ata o **8 de maio** ás 13:00 horas |
| Resolución definitiva de solicitudes | **13 de maio** |

| Admisión e matrícula | |
|---|---|
| Adxudicación de prazas | **13 de maio** |
| Matriculación | **13 de maio** ás 9:00 horas ata o **21 de maio** ás 13:00 horas |
| Liberados e adxudicación continuada | **25 de maio** ás 9:00 horas ata o **29 de maio** ás 13:00 horas |

**NOTA:** Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

**IMPORTANTE.** ***As persoas teñen primeiro que realizar unha solicitude de praza e se son admitidas matricularse*****. É fundamental revisar ben o calendario enriba detallado.**

**As probas realizaranse previsiblemente na segunda quincena do mes de xuño.**

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

### Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres de formación profesional presentaranse na secretaría de calquera centro público en que se oferten probas libres para a obtención de títulos de FP (LOE-LOXSE), malia que non sexa o centro elixido en primeira opción.

A solicitude poderá realizarse mediante o asistente informático vía web.
Logo de realizada, a aplicación informática xera un impreso de solicitude.
- **No caso de solicitantes xa autenticados no contorno "edu.xunta.es" que non teñan que achegar documentación**, o sistema xera un impreso xa validado, co texto de que non é necesario entregalo nun centro educativo para a súa validación. A copia impresa conservarase como resgardo da realización da solicitude.
- **En calquera outro caso, o sistema xera un impreso de solicitude que terá que ser entregado para a súa validación en calquera centro educativo de Galicia con oferta de ciclos de formación profesional sostida con fondos públicos**. Se este impreso non se entrega en prazo, a solicitude non terá carácter oficial e non se considerará realizada para os efectos da admisión.

## PROCEDEMENTO CUBRIS SOLICITUDE

Disponse de dous sistemas para cubrir a solicitude de admisión: utilizando o asistente web ou cubrindo a solicitude en papel.

*Recoméndase empregar o asistente web* para cubrir e presentar a solicitude de admisión (www.edu.xunta.gal/ciclosadmision) xa que vai guiar e axudar a cubrir adecuadamente todos os campos da solicitude. Neste caso consulte o documento Instrucións sobre como realizar a solicitude web na páxina **https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/11669**

Se vostede vai a cubrir a solicitude en papel debe ter en conta:
– Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono, indíqueos).
– Poña especial coidado na formalización dos impresos; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a probas libres.
– Cubra os impresos de xeito claro, mecanografados ou con letra de imprenta.

**As persoas que soliciten participar nas probas libres dos módulos profesionais presentarán unha única instancia**, que entregarán no centro onde se imparta o ciclo formativo solicitado en primeiro lugar.

Farase constar, por orde de preferencia, os ciclos formativos, os centros onde se impartan, e a súa oferta vinculada ata un máximo de seis opcións.

## BAREMO PARA A ADMISIÓN

En caso de existir máis solicitudes que prazas ofrecidas para cada ciclo formativo, o baremo que se aplicará para seleccionar as persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos aspiren a unha praza, será o seguinte:

- Pola experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo dun ano nun sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo: 3 puntos por cada ano, ata un máximo de 15.
- Pola experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo dun ano nun sector produtivo non relacionado co ciclo formativo: 1,2 puntos por cada ano, ata un máximo de 6 puntos
- Por módulos xa acreditados do ciclo formativo: 2,25 puntos por cada módulo.

## ORGANIZACIÓN, ESTRUTURA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

As probas realizaranse previsiblemente na segunda quincena do mes de xuño.

As persoas aspirantes serán convocadas para a **xornada de acollemento**

### ESTRUTURA DA PROBA

**Primeira parte**. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha **proba escrita** que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación

**Segunda parte.** As persoas aspirantes que superaran a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios **supostos prácticos** que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte para esta parte.

## CUALIFICACIÓN DA PROBA

A avaliación da proba libre realizarase entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

### CSIMS02 Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos

A Coruña — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| MP0913 | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | |
| MP0912 | Formación e orientación laboral | 10 | 10 | |
| MP0910 | Medios técnicos audiovisuais e escénicos | 10 | 10 | |
| MP0906 | Planificación da montaxe e a posprodución de audiovisuais | 10 | 10 | |
| MP0902 | Planificación da realización en cine e vídeo | 10 | 10 | |
| MP0904 | Planificación da realización en televisión | 10 | 10 | |
| MP0908 | Planificación da rexedoría de espectáculos e eventos | 10 | 10 | |
| MP0903 | Procesos de realización en cine e vídeo | 10 | 10 | |
| MP0905 | Procesos de realización en televisión | 10 | 10 | |
| MP0909 | Procesos de rexedoría de espectáculos e eventos | 10 | 10 | |
| MP0907 | Realización da montaxe e posprodución de audiovisuais | 10 | 10 | |

## OFERTA DE PRAZAS PARA AS PROBAS LIBRES NO CIFP IMAXE E SON

A. Prazas vinculadas á oferta do réxime ordinario.
B. Prazas vinculadas á oferta do réxime para as persoas adultas na modalidade presencial.
C. Prazas vinculadas á oferta do réxime para as persoas adultas na modalidade a distancia.

### CSIMS01 Produción de audiovisuais e espectáculos

A Coruña — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| MP0921 | Administración e promoción de audiovisuais e espectáculos | 10 | 10 | 10 |
| MP0924 | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | 10 |
| MP0923 | Formación e orientación laboral | 10 | 10 | 10 |
| MP0910 | Medios técnicos audiovisuais e escénicos | 10 | 10 | 10 |
| MP0915 | Planificación de proxectos audiovisuais | 10 | 10 | 10 |
| MP0918 | Planificación de proxectos de espectáculos e eventos | 10 | 10 | 10 |
| MP0920 | Recursos expresivos audiovisuais e escénicos | 10 | 10 | 10 |
| MP0916 | Xestión de proxectos de cine, vídeo e multimedia | 10 | 10 | 10 |
| MP0919 | Xestión de proxectos de espectáculos e eventos | 10 | 10 | 10 |
| MP0917 | Xestión de proxectos de televisión e radio | 10 | 10 | 10 |

### CSIMS02 Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos

A Coruña — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| MP0913 | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | |
| MP0912 | Formación e orientación laboral | 10 | 10 | |
| MP0910 | Medios técnicos audiovisuais e escénicos | 10 | 10 | |
| MP0906 | Planificación da montaxe e a posprodución de audiovisuais | 10 | 10 | |
| MP0902 | Planificación da realización en cine e vídeo | 10 | 10 | |
| MP0904 | Planificación da realización en televisión | 10 | 10 | |
| MP0908 | Planificación da rexedoría de espectáculos e eventos | 10 | 10 | |
| MP0903 | Procesos de realización en cine e vídeo | 10 | 10 | |
| MP0905 | Procesos de realización en televisión | 10 | 10 | |
| MP0909 | Procesos de rexedoría de espectáculos e eventos | 10 | 10 | |
| MP0907 | Realización da montaxe e posprodución de audiovisuais | 10 | 10 | |

## CSIMS03 Animacións 3D, xogos e contornos interactivos

**A Coruña** — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| **MP1087** | Animación de elementos 2D e 3D | 10 | 10 | 10 |
| **MP1088** | Cor, iluminación e acabamentos 2D e 3D | 10 | 10 | 10 |
| **MP1086** | Deseño, debuxo e modelaxe para animación | 10 | 10 | 10 |
| **MP1091** | Desenvolvemento de contornos interactivos multidispositivo | 10 | 10 | 10 |
| **MP1095** | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | 10 |
| **MP1094** | Formación e orientación laboral | 10 | 10 | 10 |
| **MP1085** | Proxectos de animación audiovisual 2D e 3D | 10 | 10 | 10 |
| **MP1089** | Proxectos de xogos e contornos interactivos | 10 | 10 | 10 |
| **MP0907** | Realización da montaxe e posprodución de audiovisuais | 10 | 10 | 10 |
| **MP1090** | Realización de proxectos multimedia interactivos | 10 | 10 | 10 |

## CSIMS04 Son para audiovisuais e espectáculos

**A Coruña** — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| **MP1101** | Axustes de sistemas de sonorización | 10 | 10 | |
| **MP1104** | Comunicación e expresión sonora | 10 | 10 | |
| **MP1099** | Control de son en directo | 10 | 10 | |
| **MP1103** | Electroacústica | 10 | 10 | |
| **MP1107** | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | |
| **MP1106** | Formación e orientación laboral | 10 | 10 | |
| **MP1100** | Gravación en estudio | 10 | 10 | |
| **MP1097** | Instalacións de son | 10 | 10 | |
| **MP1096** | Planificación de proxectos de son | 10 | 10 | |
| **MP1102** | Posprodución de son | 10 | 10 | |
| **MP1098** | Son para audiovisuais | 10 | 10 | |

## CSIMS05 Iluminación, captación e tratamento de imaxe

**A Coruña** — Prazas

**A Coruña** — **15027800 CIFP Imaxe e Son** — Tel. 981173181

| Módulos profesionais | | A | B | C |
|---|---|---|---|---|
| **MP1162** | Control da iluminación | 10 | 20 | |
| **MP1170** | Empresa e iniciativa emprendedora | 10 | 10 | |
| **MP1169** | Formación e orientación laboral | 10 | 20 | |
| **MP1167** | Gravación e edición de reportaxes audiovisuais | 10 | 10 | |
| **MP1161** | Luminotecnia | 10 | 20 | |
| **MP1158** | Planificación de cámara en audiovisuais | 10 | 20 | |
| **MP1166** | Procesos finais fotográficos | 10 | 10 | |
| **MP1160** | Proxectos de iluminación | 10 | 10 | |
| **MP1163** | Proxectos fotográficos | 10 | 10 | |
| **MP1159** | Toma de imaxe audiovisual | 10 | 20 | |
| **MP1164** | Toma fotográfica | 10 | 20 | |
| **MP1165** | Tratamento fotográfico dixital | 10 | 10 | |

**+ INFORMACIÓN:**
**https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/11672**
**DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL CIFP IMAXE E SON**
**TELF: 981 173 181**

***NOTA IMPORTANTE:*** *Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.*